



CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste concello o orzamento para o exercicio económico de 2019, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 20 de decembro de 2018, en cumprimento ó que dispón, o artigo 169.3 do texto refundido das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, en gastos á contía de 2.290.200,00 € e en ingresos á contía de 2.629.600,00 €.

Corresponde a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	892.100,00
2	Gastos correntes en bens e servicios	765.000,00
3	Gastos financeiros	4.700,00
4	Transferencias correntes	71.300,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.733.100,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Inversións reais	482.100,00
7	Transferencias de capital	75.000,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	557.100,00
	TOTAL GASTOS	2.290.200,00

ESTADO DE INGRESOS

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	617.500,00
2	Impostos indirectos	18.000,00
3	Taxas e outros ingresos	252.000,00
4	Transferencias correntes	1.249.000,00

5	Ingresos patrimoniais	300,00
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	2.136.800,00
	C) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	492.800,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	492.800,00
TOTAL INGRESOS		2.629.600,00

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

<u>A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA</u>	<u>Nº DE PRAZAS</u>	<u>GRUPO</u>	<u>CD</u>
Secretaría - Intervención	1	A ₁	28
Administrativo	2	C ₁	22
Alguacil - Porteiro	1	E	12
Conserxe	1	E	12
<u>B) PERSOAL LABORAL FIXO</u>	<u>Nº DE POSTOS</u>		
Operario de Servizos Múltiples	1		
Traballadora Social	1		
Técnico/a Punto de Atención Infantil (vacante)	1		
Persoal de apoio Punto de Atención infantil (vacante)	1		
<u>C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL</u>	<u>Nº DE POSTOS</u>		
Axente de Emprego Local	1		
Auxiliar de Biblioteca	1		
Auxiliares A Domicilio	17		
Peón limpeza viaria	1		
Xefe de Equipo	1		
Auxiliar Administrativo Programa Axuda a Domicilio	1		
Secretaria Xulgado de Paz	1		
Auxiliar Administrativo Oficina Información	1		
Brigadas de incendios	10		
Técnico/a Punto de Atención Infantil	1		
Persoal de apoio Punto de Atención infantil	1		
Persoal Obradoiro de Emprego Neira de Jusá IV	24		

O cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que esta Entidade Local poida recibir para tal fin, procedentes da Comunidade Autónoma ou de outros organismos públicos.

Baralla, 21 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Manuel Jesús González Capón.

R. 0082

BECERREÁ*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión plenaria de data 20 de decembro de 2018 a relación de postos de traballo para o exercicio, 2019 en cumprimento do disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, exponse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de 20 días hábiles que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse reclamacións que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente.

Becerreá, 17 de xaneiro de 2018.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0157

BEGONTE*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL INTERINO.**

Por Resolución desta Alcaldía de data 17 de Xaneiro de 2019, aprobáronse as bases que rexerán a selección - en réxime laboral interino e mediante concurso - oposición de 1 posto de Peón de Obras e Servizos Múltiples vacante no cadro de persoal do concello.

As devanditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello (www.concellodebegonte.es) e no Taboleiro de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de dez (10) días naturais a contar desde a publicación deste anuncio no "Boletín Oficial da Provincia".

Begonte, 17 de Xaneiro de 2.019.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0158

BURELA*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía nº 2019-0029 de 18/01/201 apróbese a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación con carácter temporal dun/dunha logopeda que prestará os seus servizos na Unidade de Atención Temperá.

"CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA LOGOPEDA ADSCRITO/A Á UNIDADE DE ATENCIÓN TEMPERÁ.-**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección que se levará a cabo para a contratación con carácter temporal dun/dunha logopeda que prestará os seus servizos na Unidade de Atención Temperá.

A natureza do contrato será laboral temporal na modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo completo (37,5 h/s) e a súa duración será de 12 meses a contar dende a súa sinatura.

Funcións: Prevención, detección, promoción, administración, avaliación, diagnóstico, tratamento, rehabilitación, habilitación, prognósticos, orientación, asesoramento, docencia e investigación das áreas de comunicación humana e as súas alteracións na atención temperá: nenos/as de 0 a 6 anos.

O/a aspirante seleccionado/a e contratado/a percibirá as retribucións establecidas no Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela co seguinte desglose bruto mensual: salario grupo A2 995,39 €; complemento de destino (nivel 18) 409,79 €; complemento específico: 65,72 € e parte proporcional de paga extra 200,24 €.

As bases íntegras publicaranse no BOP de Lugo, na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello e estarán a disposición dos /das interesados no Rexistro Xeral do Concello.

2.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- b) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Estar en posesión do título oficial de grado en logopedia ou diplomatura universitaria en logopedia. No caso de alegar equivalencias de títulos achegarase o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

e) De acordo co establecido na Orde 27/03/2018 da Consellería de Política Social (DOG núm. 72 do 13/04/2018): acreditar formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou apoio familiar ou, alternativamente, acreditar experiencia suficiente nestas materias (mínimo un ano).

f) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

h) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delincuentes sexuais.

3. -FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as interesados/as dirixirán as solicitudes ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade ou nos lugares que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 10 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP de Lugo. Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

Cando se presenten en correos, deberá entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado de correos.

Dado o carácter urxente da convocatoria, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, deberán remitir por fax ao Concello copia selada da instancia dentro do prazo de 10 días naturais sinalado anteriormente (nº de fax: 982 58 59 45).

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de admitidos non suporá que se lles recoñeza aos/ás aspirantes estar en posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación nos procedementos de selección correspondentes.

Concederase un prazo improrrogable de 3 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello. Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva.

Atendendo ao carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello, deberá ser comunicada por fax dentro do prazo de 3 días hábiles sinalado anteriormente (nº de fax: 982 58 59 45).

As reclamacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados, para a fase de concurso. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

4.-DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

Á solicitude deberá xuntárselle:

- a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.
- b) Fotocopia do título académico esixido
- c) Documentación acreditativa da formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou apoio familiar ou da experiencia suficiente nestas materias.
- d) Certificado acreditativo de carecer de antecedentes no Rexistro Central de delincuentes sexuais.
- e) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nas bases. De carecer desta acreditación, o/a aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego prevista na base 6ª das presentes.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Nos supostos de presentación por vía electrónica substitúese a esixencia de presentación de fotocopia da documentación pola de presentación de copia dixitalizada.

5. -TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal cualificador estará composto por un/unha presidente/a e catro vocais, empregados públicos entre os/as que non se incluírán persoal de elección ou de designación política, nin funcionarios/as interinos/as ou persoal temporal ou eventual.

Actuará como Secretario o da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e sen voto.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, no podendo ostentarse esta en representación o por conta de ninguén.

Os membros do Tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requirise un nivel igual ou superior de titulación ao esixido para participar neste proceso selectivo.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O/a Presidente/a poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

6. - SISTEMA DE SELECCIÓN: OPOSICIÓN

Constará das seguintes probas:

6.1.- Proba teórica de coñecementos xerais e específicos: Obrigatoria e eliminatoria.

Consistirá en responder por escrito, nun tempo máximo de 60 minutos, un cuestionario tipo test de 50 preguntas, con tres respostas alternativas, sendo só una delas correcta. Tamén haberá que responder 5 preguntas adicionais de reserva, que se valorarán no caso de que se anulen algunha/s das 50 preguntas do cuestionario tipo test. O cuestionario será determinado polo Tribunal antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria (Anexo).

O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados.

A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- Por cada resposta correcta outórgase 0,20 puntos.
- Por cada resposta incorrecta descontaranse 0,10 puntos.
- As respostas en branco ou nulas non puntúan.

6.2.-Proba de galego.

Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase de apto ou non apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes.

7.- CALENDARIO DAS PROBAS E DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS

A citación ao Tribunal e aos/as aspirantes para a realización da primeira proba da oposición publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello cunha antelación de 48 horas á hora fixada para iniciarse. Motivado na urxencia da incorporación dos efectivos, para a realización do resto das probas non se terá en conta a mencionada antelación de 48 horas.

O resultado das probas publicarase así mesmo na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Os/as aspirantes serán convocados para cada un dos exercicios en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización dos exercicios provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Comezados os exercicios, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan.

Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores, máquinas calculadoras, ou outros, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para os exercicios en que resulte necesario; o incumprimento suporá a expulsión do procedemento de selección por parte do Tribunal Cualificador.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, o tribunal deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

8.- CUALIFICACIÓN FINAL, PROPOSTA DE SELECCIÓN E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Rematadas as probas, o Tribunal publicará na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello a cualificación final obtida polos/as aspirantes por orden de puntuación.

No suposto de empate nas puntuacións de dous/dúas ou máis aspirantes, este resolverase mediante sorteo público.

O/a Presidente/a do Tribunal, á vista da cualificación final, formulará proposta de selección ante o Sr. Alcalde-Presidente a favor do/da aspirante con maior puntuación, sen que dita proposta poida superar o número de prazas convocadas.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

Co fin de asegurar a cobertura da praza convocada para o caso de que se produzan renuncias do/a aspirante seleccionado/a con anterioridade á resolución do proceso selectivo ou da toma de posesión, o órgano de selección elaborará unha proposta complementaria (lista de reserva) na que figurarán os/as aspirantes que sigan ao proposto pola orde de puntuación acadada e sempre que tiveran superados os exercicios da oposición.

No prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da proposta de selección no taboleiro de Edictos (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documentos por causas alleas á súa vontade), o/a aspirante proposto/a polo Tribunal deberá presentar no Rexistro do Concello a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 2ª:

- Fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.
- Fotocopia compulsada do título académico esixido e da documentación acreditativa da formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou apoio familiar ou da experiencia suficiente nestas materias.
- O apartado b) mediante a presentación de Certificado médico para o efecto.
- Os apartados e) e f) con declaración xurada para o efecto.

Igualmente aportarase fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

Se dentro do prazo indicado, salvo causa de forza maior, o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 2, non poderá ser

contratado e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houberse podido incurrir.

No caso se presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

9.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN .

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder as prazas que se convocan, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal de duración determinada.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

10.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

11.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

12.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

ANEXO . PROGRAMA DE MATERIAS

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais. Os dereitos fundamentais na Constitución Española.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.

Tema 3.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O obxecto e ámbito subxectivo de aplicación. Os interesados no procedemento administrativo. Capacidade de obrar, concepto de interesado e representación. Rexistros.

Tema 4.- O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. O empadramento.

Tema 5.- O Decreto 183/2013 do 5 de decembro polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá.

Tema 6.- A Orde do 27 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de Atención Temperá no marco da Rede Galega de Atención Temperá.

Tema 7.- O Libro Branco da Atención Temperá: Niveis de intervención en Atención Temperá. Principias ámbitos de actuación.

Tema 8.- O Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en Atención Temperá. Proceso de valoración e intervención en Atención Temperá.

Tema 9.- Formularios de soporte empregados nas Unidades da Rede Galega de Atención Temperá.

Tema 10.- Organización diagnóstica (ODAT). Xustificación. Eixos.

Tema 11.- Desenvolvemento infantil 0-6 anos. Signos de alerta. Haizea-Llevant.

Tema 12.- O trastorno específico da linguaxe: concepto e características da linguaxe. Avaliación e intervención dende o ámbito da logopedia de atención temperá.

Tema 13.- Dificultades e trastornos auditivos: concepto e clasificación. Avaliación e intervención dende o ámbito da logopedia de atención temperá.

Tema 14.- Anatomía e fisioloxía dos órganos da linguaxe e da audición.

Tema 15.- Sistemas para a comunicación aumentativa e/ou alternativa."

Burela, 18 de xaneiro de 2019.- O Alcalde.- Alfredo Llano García.

R. 0177

CERVO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de 16 de xaneiro de 2019, o orzamento xeral do Concello de Cervo para o exercicio 2019, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas ao Alcalde-Presidente desta Corporación.

Cervo, 17 de xaneiro de 2019. O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0159

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 8 de xaneiro de 2019, aprobaronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao 6º bimestre de 2018, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 15 de xaneiro e o 15 de marzo de 2019.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 9 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Javier Jorge Castiñeira.

R. 0126

FRIOL

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día catorce de xaneiro do corrente, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2018:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).
- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Así mesmo prestouse aprobación ao padrón da taxa pola rede de sumidoiro do ano 2018.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o quince de febreiro e o quince de abril de dous mil dezanove, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, o día un de marzo de dous mil dezanove, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, donde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixírase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 15 de xaneiro de 2019.- O ALCALDE, José Ángel Santo Sánchez.

R. 0127

RIBADEO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 10 de xaneiro de 2019 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre Novembro-Decembro de 2018, exponse ao público a efectos de exáme e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

Ribadeo, 10 de xaneiro de 2019.-O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 0128

TABOADA

Anuncio

ANUNCIO DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DO 2º SEMESTRE DE 2018.

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida de lixo correspondente ao 2º semestre do exercicio 2018, foi aprobado por Decreto de Alcaldía de data 14.01.2019.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de dous meses, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal).

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte poderase empregar e exercer calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de **cobranza en voluntaria** será o comprendido dende o día **25 de xaneiro de 2019 ata 25 de marzo de 2019**, ambos os dous incluídos. Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma.

Taboada, 15 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0129

O VICEDO

Anuncio

Por resolución da Alcaldía de 28 de decembro de 2018 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso oposición, de un auxiliar de información turística, a xornada completa, como persoal laboral temporal do Concello do Vicedo con adscrición ó servizo municipal de turismo do Concello do Vicedo (programa "Fomento do Emprego Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2018").

O prazo para a presentación de solicitudes é de dez días naturais, o cal se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán consultar as bases no taboleiro de edictos do Concello do Vicedo, no blog de emprego do Concello no seguinte enderezo: emplegovicedo.blogspot.com ou na páxina web www.concellodovicedo.org ou da Excma. Deputación do Lugo.

O Vicedo, 28 de decembro de 2018.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0020

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/28475

El Ayuntamiento de Folgoso do Courel, con C.I.F. P 2701700 C, solicita autorización para efectuar obras dentro del Dominio Público Hidráulico de Cauces.

Las obras estarán situadas en ambas riberas y márgenes del río Lóuzara, en el lugar de Lousadela, parroquia de Seceda (San Silvestre), T.M. de Folgoso do Courel (Lugo), y consistirán las mismas en la ejecución de la memoria técnica "Rehabilitación de elementos traicionais en Folgoso do Courel (Lugo)"

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0178

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/28772

El Ayuntamiento de Folgoso do Courel, con C.I.F. P 2701700 C, solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de Policía de Cauces.

Las obras estarán situadas en la margen derecha del Carrozo de Sucoto y en ambas márgenes del Rego da Veiga, en el lugar de Ferreiros de Abaixo, T.M. de Folgoso do Courel (Lugo), y consistirán las mismas en la ejecución de la memoria valorada "pavimentación del camín de acceso a Ferreirós de Abaixo".

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0179

ENTUSIASMO Y MUCHO VALOR SL

ADIF

Anuncio

Anuncio do ADIF, polo que se somete a información pública, coa finalidade de declarar a necesidade de ocupación, o "Proyecto básico de la subestación eléctrica de tracción de Oural y centros de autotransformación para el tramo Ourense-Monforte de Lemos-Lugo".

En cumprimento dos artigos 18 e 19.1 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954, e artigos concordantes do seu Regulamento (Decreto do 26 de abril de 1957), ábrese un período de información pública de quince días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial do Estado, sobre a relación de bens e dereitos afectados pola execución das obras definidas no proxecto de referencia, co obxecto de que calquera persoa poida achegar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación que se publica neste anuncio ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade de ocupación.

Con tal motivo, a documentación de expropiacións do mencionado proxecto de construción pode ser examinada, en días e horas hábiles de oficina na Subdelegación do Goberno en Ourense (Cale Parque San Lázaro, 1); na Subdelegación do Goberno en Lugo (Rúa Armanyá, 10, Lugo); nos Concellos de Coles (Calle Villarchao, 34), A Peroxa (Plaza do Concello, 83), Pantón (Plaza do Concello, s/n), Sober (Plaza do Concello, s/n), Monforte de Lemos (Plaza Campo de San Antonio, s/n), Bóveda (Avda. Alfonso XIII), O Incio (Plaza España, 1), Sarria (Rúa Maior, 14), O Páramo (Calle Vilarmosteiro, s/n) y Lugo (Plaza Maior, 1); na Subdirección de Enerxía, de a Dirección Xeral de Construcción, C/ Titán 4, 3ª Planta, 28045 Madrid) e no Portal de Transparencia de a Web de ADIF (www.adif.es).

As alegacións que se formulen irán dirixidas á Subdirección de Enerxía, de a Dirección Xeral de Construcción, C/ Titán 4, 3ª Planta, 28045 Madrid) 1ª 28036 Madrid), indicando como referencia "Información pública expropiaciones Proyecto básico de la subestación eléctrica de tracción de Oural y centros de autotransformación para el tramo Ourense-Monforte de Lemos-Lugo".

Relación concreta e individualizada de bienes y derechos afectados/Relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados.

Término Municipal de/Termo Municipal da Coles

Nº orden	Polígono	Parcela	Titular catastral	Superficie expropiación (m²)	Servidumbre (m²)	Ocupación temporal (m²)	Naturaleza
Z-32.0261-0001	19	9021	ADIF - CL HIEDRA 9 ESTACION DE CHAMARTIN 28036 MADRID [MADRID]	344	0	187	RURAL

Término Municipal/Termo Municipal da A Peroxa

Nº orden	Polígono	Parcela	Titular catastral	Superficie expropiación (m²)	Servidumbre (m²)	Ocupación temporal (m²)	Naturaleza
Z-32.0599-0001	76	9001	ADIF - CL HIEDRA 9 ESTACION DE CHAMARTIN 28036 MADRID [MADRID]	71	0	40	RURAL

Término Municipal de/Termo Municipal da Pantón

Nº orden	Polígono	Parcela	Titular catastral	Superficie expropiación (m²)	Servidumbre (m²)	Ocupación temporal (m²)	Naturaleza
Z-27.0410-0001	92	9001	ADIF - CL HIEDRA 9 ESTACION DE CHAMARTIN 28036 MADRID [MADRID]	368	0	70	RURAL

Término Municipal/Termo Municipal da Sober

Nº orden	Polígono	Parcela	Titular catastral	Superficie expropiación (m²)	Servidumbre (m²)	Ocupación temporal (m²)	Naturaleza
Z-27.0594-0101	5	441	MARIÑO TABOADA EDMUNDO AVELINO RUA ESCULTOR FRANCISCO MOURE 56, 2 27400 MONFORTE DE LEMOS (LUGO)	1714	0	0	RURAL
Z-27.0594-0102	5	442	DESCONOCIDO	76	0	0	RURAL
Z-27.0594-0103	5	9003	AYUNTAMIENTO DE SOBER PZ AYUNTAMIENTO 27460 SOBER [LUGO]	210	0	0	RURAL
Z-27.0594-0104	5	9002	AYUNTAMIENTO DE SOBER PZ AYUNTAMIENTO 27460 SOBER [LUGO]	398	0	0	RURAL
Z-27.0594-0105	5	9004	ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS CL HIEDRA 9 ESTACION DE CHAMARTIN EDI. 28036 MADRID [MADRID]	402	0	0	RURAL
Z-27.0594-0106	2	849	ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS CL HIEDRA 9 ESTACION DE CHAMARTIN EDI. 28036 MADRID [MADRID]	78	0	88	RURAL

Término Municipal de/Termo Municipal da Monforte de Lemos

Nº orden	Polígono	Parcela	Titular catastral	Superficie expropiación (m ²)	Servidumbre (m ²)	Ocupación temporal (m ²)	Naturaleza
Z-27.0312-0001	43	30	CASANOVA SÁNCHEZ AMADOR CR BARBAIN-CASTELO-CARQUEIXO 6, 27190 LUGO (LUGO)	2404	0	0	RURAL
Z-27.0312-0002	43	9003	ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS CL HIEDRA 9 ESTACION DE CHAMARTIN EDI. 28036 MADRID [MADRID]	53	0	0	RURAL

Término Municipal de/Termo Municipal da Bóveda

Nº orden	Polígono	Parcela	Titular catastral	Superficie expropiación (m ²)	Servidumbre (m ²)	Ocupación temporal (m ²)	Naturaleza
Z-27.0082-0001	41	1181	DESCONOCIDO	2075	0	0	RURAL
Z-27.0082-0002	4512101PH2241S0001WF		PZ SANTA MARÍA, 27001 LUGO (LUGO)	760	0	0	URBANIZADO
Z-27.0082-0003	41	9074	PZ OBRADOIRO 3 SANTIAGO 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA [A CORUÑA]	105	0	0	RURAL

Término Municipal de/Termo Municipal da O Incio

Nº orden	Polígono	Parcela	Titular catastral	Superficie expropiación (m ²)	Servidumbre (m ²)	Ocupación temporal (m ²)	Naturaleza
Z-27.0240-0001	2	44	PEREIRO MORAIS JOSÉ (HEREDEROS DE) LG RUBIAN CIMA 19, INCIO, 27342 O INCIO (LUGO)	863	0	0	RURAL
Z-27.0240-0002	2	42	MONDELO LÓPEZ ANTONIO LG RUBIAN DE CIMA 14, 27342 O INCIO, (LUGO)	4653	0	0	RURAL
Z-27.0240-0003	2	117	VEIGA LOPEZ JESÚS LG RUBIAN DE CIMA 8, 27342 O INCIO (LUGO)	1300	0	0	RURAL
Z-27.0240-0004	2	9010	AYUNTAMIENTO DE INCIO CL PLAZA, 27346 O INCIO (LUGO)	536	0	0	RURAL
Z-27.0240-0005	2	134	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ MARIA PAZ LG RUBIAN CIMA 14, 27342 O INCIO (LUGO)	506	0	0	RURAL
Z-27.0240-0006	2	118	PEREIRO MORAIS JOSÉ (HEREDEROS DE) LG RUBIAN CIMA 19, INCIO, 27342 O INCIO (LUGO)	193	0	0	RURAL

Nº orden	Polígono	Parcela	Titular catastral	Superficie expropiación (m²)	Servidumbre (m²)	Ocupación temporal (m²)	Naturaleza
Z-27.0240-0007	2	130	PEREIRO GAYOSO ANTONIO PQ RUBIAN, O INCIO (LUGO)	2	0	0	RURAL
Z-27.0240-0008	2	129	GÓMEZ GONZÁLEZ FRANCISCO PQ RUBIAN, O INCIO (LUGO)	8	0	0	RURAL
Z-27.0240-0009	2	132	GÓMEZ GONZÁLEZ FRANCISCO PQ RUBIAN, O INCIO (LUGO)	3	0	0	RURAL
Z-27.0240-0010	2	1465	GONZÁLEZ MONDELO MANUEL PQ RUBIAN, O INCIO (LUGO)	17	0	0	RURAL
Z-27.0240-0011	2	1464	PEREIRO LÓPEZ FRANCISCO PQ RUBIAN, O INCIO (LUGO)	63	0	0	RURAL
Z-27.0240-0012	2	128	GONZÁLEZ MONDELO MANUEL PQ RUBIAN, O INCIO (LUGO)	10	0	0	RURAL
Z-27.0240-0013	2	127	PEREIRO LÓPEZ FRANCISCO PQ RUBIAN, O INCIO (LUGO)	14	0	0	RURAL
Z-27.0240-0014	2	126	DESCONOCIDO	77	0	0	RURAL
Z-27.0240-0015	2	1466	DESCONOCIDO	21	0	0	RURAL
Z-27.0240-0016	2	92	GONZÁLEZ LÓPEZ MANUEL (HEREDEROS DE) LG RUBIAN CIMA 7, 27342 O INCIO (LUGO)	3	0	0	RURAL
Z-27.0240-0017	2	125	ARIAS GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL LG RUBIAN DE CIMA 2, 27342 O INCIO (LUGO)	15	0	0	RURAL
Z-27.0240-0018	2	100	LÓPEZ CORRAL CARMEN LG VILADEMOUROS 1, 27341 O INCIO (LUGO)	10	0	0	RURAL
Z-27.0240-0019	2	102	RODRÍGUEZ LÓPEZ JOSÉ (HEREDEROS DE) Y GÓMEZ FRANCO JOSÉ (HEREDEROS DE) LG NOCEDA, INCIO, 27348 O INCIO (LUGO)	11	0	0	RURAL
Z-27.0240-0020	2	9020	ARIAS GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL LG RUBIAN DE CIMA 2, 27342 O INCIO (LUGO)	2447	0	0	RURAL
Z-27.0240-0021	2	9019	ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS CL HIEDRA 9 ESTACION DE CHAMARTIN EDI. 28036 MADRID [MADRID]	873	0	0	RURAL

Término Municipal de/Termo Municipal da Sarria

Nº orden	Polígono	Parcela	Titular catastral	Superficie expropiación (m²)	Servidumbre (m²)	Ocupación temporal (m²)	Naturaleza
Z-27.0575-0001		9180001PH2398S0001IB	SÁNCHEZ ARIAS SARA RUA PORVIR 48, 27600 SARRIA (LUGO)	1594	0	0	URBANIZADO
Z-27.0575-0002		S/N	ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS CL HIEDRA 9 ESTACION DE CHAMARTIN EDI. 28036 MADRID [MADRID]	25	0	0	RURAL

Término Municipal de/Termo Municipal da O Páramo

Nº orden	Polígono	Parcela	Titular catastral	Superficie expropiación (m²)	Servidumbre (m²)	Ocupación temporal (m²)	Naturaleza
Z-27.0431-0001	14	376	CAPÓN GARCÍA MANUEL LG PUEBLA 5, 27360 LÁNCARA (LUGO)	2029	0	0	RURAL
Z-27.0431-0002	14	9640	ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS CL HIEDRA 9 ESTACION DE CHAMARTIN EDI. 28036 MADRID [MADRID]	846	0	0	RURAL

Término Municipal de/Termo Municipal da Lugo

Nº orden	Polígono	Parcela	Titular catastral	Superficie expropiación (m²)	Servidumbre (m²)	Ocupación temporal (m²)	Naturaleza
Z-27.0288-0201	491	106	SÁNCHEZ RODRÍGUEZ LUIS LG RECIMIL 7, 27140 LUGO (LUGO)	2044	0	0	RURAL
Z-27.0288-0202	491	198	RIVAS VILA LUIS LG RECIMIL 18, 27140 LUGO (LUGO)	197	0	0	RURAL
Z-27.0288-0203	491	9008	AYUNTAMIENTO DE LUGO PZ ESPAÑA 1 27001 LUGO [LUGO]	108	0	0	RURAL
Z-27.0288-0204	491	127	SANCHEZ RODRIGUEZ LUIS LG RECIMIL 7 27140 LUGO [LUGO]	129	0	0	RURAL
Z-27.0288-0205	491	9001	ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS CL HIEDRA 9 ESTACION DE CHAMARTIN EDI.	141	0	0	RURAL

Nº orden	Polígono	Parcela	Titular catastral	Superficie expropiación (m ²)	Servidumbre (m ²)	Ocupación temporal (m ²)	Naturaleza
			28036 MADRID [MADRID]				
Z-27.0288-0206	91	785	DESCONOCIDO	75	0	0	RURAL
Z-27.0288-0207	7967908PH1676N0001TL		AYUNTAMIENTO DE LUGO PZ ESPAÑA 1 27001 LUGO [LUGO]	67	0	0	RURAL
Z-27.0288-0208	91	762	ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS CL HIEDRA 9 ESTACION DE CHAMARTIN EDI. 28036 MADRID [MADRID]	1845	0	171	RURAL

Madrid, 21 de diciembre de 2018. El Director General de Construcción, Don Juan Pablo Villanueva Beltramini.

R. 0137